



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE INTEGRIDADE E COMPROMISO ÉTICO

A Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, unha vez aprobado o 3 de marzo de 2022 o seu Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude, quere manifestar o seu compromiso coa integridade institucional da Xunta de Galicia, iniciado con fitos como a aprobación do Código ético institucional no ano 2014, e do Programa de impulso democrático no ano 2015, e que se consolida neste 2021 coa aprobación, o 26 de maio, dun Programa marco de integridade institucional.

A Administración Pública de Galicia aliñase con todas as medidas de prevención contra a fraude lideradas pola Unión Europea e que terán unha significación esencial na xestión dos fondos Next Generation.

Asemade, tamén se comprométese a cumprir ás prescricións do artigo 43 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en todo o relativo ao réxime aplicable aos conflitos de intereses. E aterase na súa actuación aos principios recollidos no apartado IV do Código ético Institucional, ou instrumento xurídico que o substitúa ou desenvolva, e ás previsións existentes no mesmo Código respecto dos regalos, as dádivas, as mostras de cortesía e as atencións protocolarias

Esta política de integridade institucional basease nun compromiso de cumprimento non só das normas xurídicas, senón tamén das normas e principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, que deben presidir a actuación da Xunta de Galicia como institución e a de todo o persoal que a compón, comezando por todos os membros do consello de goberno, que asumen, comparten e lideran este compromiso. Esta última década de goberno marcada pola estabilidade e a experiencia na xestión, xunto coa ausencia de incidentes que afectasen a reputación da organización, son unha proba do cumprimento deses principios éticos.

No marco deste compromiso coa integridade institucional, a Xunta de Galicia pon en marcha a execución dun completo programa de medidas de reforzo do marco de integridade institucional que implica tamén a implantación na organización dunha cultura de prevención fronte a posibles incumprimentos, impulsando o desenvolvemento de procedementos que a fagan efectiva, e prestando especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade, que se concretará na elaboración e aprobación sucesiva de plans de prevención de riscos de xestión, que conterán unha análise dos riscos detectados e das medidas que loiten contra un eventual risco de fraude.

Estas ferramentas constitúen un soporte básico para a execución dunha política antifraude demandada por Europa para financiar unha recuperación saneada logo da crise da pandemia, que esixe a administración fiduciaria dos recursos a Unión Europea destina á sustentabilidade económica da sociedade galega.





Deste xeito, a Xunta de Galicia promove a asunción e consolidación dunha cultura de integridade e valores éticos de todo o persoal da organización, en todos os niveis, mediante a inclusión de formación específica, configurada como unha ferramenta para a sensibilización en integridade e comportamento ético na organización, pero tamén mediante a difusión externa e o fomento desta cultura, cara a cidadanía, abordando así este compromiso dende unha perspectiva global e íntegra.

Sobre a base das anteriores manifestacións, a Xunta de Galicia asume unha política de tolerancia cero fronte a fraude, co conseguinte compromiso de asunción e cumprimento dos principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, e de establecemento de mecanismos preventivos que consoliden esta cultura de integridade en toda a súa actuación.

Esta entidade instrumental asume e incorpora á súa xestión, todas as premisas anteriores como manifestación do seu compromiso e aliñamento coa política de integridade institucional da súa organización.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

